



casadesarmiento

centro de estudos do património

A problemática dos enterramentos na Cultura Castrexa do NW.

Unha aproximación desde as culturas limítrofes.

Xosé Ignacio Vilaseco Vázquez*

Revista de Guimarães, Volume Especial, II, Guimarães, 1999, pp. 495-513

“Quando yo llegué a Galicia, me juraron que no había Paleolítico. ¿Por qué? Porque se habían concentrado en buscar los castros, mámoas, etc. Claro, en cuanto se ha buscado, ha salido.”

Carlos Alonso del Real

1. Presentación

Carlos Alonso del Real gustaba de contar unha frase que resumía de forma moi ocurrente os baleiros de coñecemento que ata non hai moitos anos había sobre a prehistoria recente galega (e, en xeral, de todo o NW da península Ibérica): primeiro estiveron os que morrían pero non vivían (os constructores de túmulos megalíticos); logo os que vivían pero non morrían (os castrexos); e, no medio deles, os que nin vivían nin morrían, pero pintaban polas paredes os petroglifos (Alonso del Real 1991: 202). A día de hoxe todos estes baleiros teñen sido cubertos de forma máis ou menos adecuada agás un, xa que seguimos sen ter claro onde e como enterraban os seus mortos na Idade do Ferro local.

Moitas son as propostas que os diversos autores teñen feito para explicar esa situación, desde a inexistencia dos mesmos, por entender que probablemente os

* Dpto. de Historia I. Facultade de Xeografía e Historia. Universidade de Santiago de Compostela.

cadáveres serían mergullados nas augas ou recibirían algún outro tipo de tratamento (ou falta do mesmo) que provocaría a súa completa desaparición do rexistro arqueoloxicamente documentable na actualidade; ata a súa cremación en estruturas monumentais que hoxe temos reinterpretado como *saunas*. De feito nalgunhas monografías recentes o tema é obviado case por completo, introducindo a penas dúas palabras para comentar esta ausencia de enterramentos (Fernández-Posse 1998). Como sempre que tratamos de restos humanos para datas tan antigas do noso pasado, a alta acidez dos solos da zona ten axudado bastante na complicación da situación, ao provocar a desaparición dos restos óseos, o que convirte en ardua tarefa a busca de evidencias de enterramentos, ou mesmo a interpretación das posibles estruturas deste tipo descubertas.

A presente comunicación unicamente pretende ser unha pequena achega a esta problemática desde un punto de vista histórico e bibliográfico, sen aportar datos arqueolóxicos novos, senón revisando as escasas noticias publicadas que sobre enterramentos castrexos coñecemos na bibliografía arqueolóxica. Para completar isto, vanse aportar unha serie de reflexións e hipóteses a partir do encadramento da Cultura Castrexa no conxunto das súas culturas limítrofes, tanto desde un punto de vista espacial (as sociedades da Idade do Ferro da península Ibérica, especialmente aquelas máis próximas) como cronolóxico (as, por outra parte escasas, informacións que sobre enterramentos temos na fin da Idade do Bronce e nos primeiros séculos da dominación romana).

2. Antecedentes: enterramentos na fin da Idade do Bronce do NW

A presenza de enterramentos no Bronce Final do NW peninsular ten sido moi debatida na bibliografía arqueolóxica da década dos 90, con dúas posturas completamente encontradas. Por un lado están aqueles que defenden unha inexistencia de estruturas sepulcrais, en consonancia cunha suposta realidade parella á doutras zonas atlánticas peninsulares, ou mesmo europeas (Ruíz-Gálvez 1990; Belén et al. 1991). Estes investigadores rexeitan as interpretacións que outros arqueólogos teñen feito sobre unha relativamente ampla variedade de estruturas, ben por razóns cronolóxicas ou de atribución funeraria, ata o punto de, nalgunha ocasión, eximirse de

considerar algún xacemento pola presenza no mesmo de materiais “esóxenos” á zona atlántica, como sucede con Tapado da Caldeira e mais a súa cerámica tipo Cogotas I (Belén et al. 1991: 241). Esta etapa da Prehistoria no NW, daquela, vese como un antecedente do que vai suceder na Idade do Ferro, período para o que tampouco se coñecen tumbas atribuíbles con seguridade (Ruíz-Gálvez 1990; Fábregas e Ruíz-Gálvez 1997).

Por outro lado, existe un conxunto de investigadores que, a pesar da escasez e variabilidade das estruturas que se están a interpretar como enterramentos, se mostran partidarios de defender a existencia dos mesmos para esta época (Jorge 1996), achacando a deficiencias na investigación a falta de testemuños funerarios (Silva 1993, Bettencourt e Sanches 1998). Aínda que as evidencias son moi parcas, e as datacións radiocarbónicas existentes pouco concluíntes, semella probable a utilización con fins funerarios dunha diversidade de contextos (Fábregas e Vilaseco 1998): túmulos de épocas anteriores, e mesmo a construción dalgún *ex novo*; pervivencia dalgunha necrópole de cistas; enterramentos en fosas escavadas no solo; a presenza de sepulturas dentro de poboados; e os tantas veces propostos rituais funerarios nos ríos. A ausencia de ósos por mor da acidez do solo e a falta de estruturas construídas, ou mesmo de axuares metálicos na maioría, provoca que os achádegos casuais e mais as destrucións accidentais orixinadas pola maquinaria non cheguen a oídos dos arqueólogos, por non chamar a atención dos seus destructores; algo que se cadra é máis sangrante no caso das fosas.

Sen embargo, pouco ou nada nos poden aportar todas estas estruturas ao coñecemento do mundo funerario castrexo, en canto que antecedentes do mesmo. A maioría das datacións (Fábregas e Vilaseco 1998: 214) afástanse bastante da transición entre o II e o I milenio AC, e unicamente dúas se adentran no primeiro tercio do primeiro milenio: a obtida para a fosa secundaria chea de pedras e cinsas de Cabritos I, e mais a cista do poboado da Santinha, aínda que neste último caso a datación non provén da propia estrutura senón da camada na que se insire (Bettencourt 1997).

De feito, coa excepción das cinsas de Cabritos I (onde por outra parte non apareceron restos de ósos), non se ten documentado a introducción do rito da

incineración nesta época, ao contrario do que sucede en zonas relativamente próximas, como a Beira Alta (Cruz 1997). Este baleiro se cadra o veñan encher estruturas como a recentemente documentada en Cameixa (Boborás, Ourense), onde, no interior dunha fosa de 1 metro de diámetro e 75cm de profundidade, se atopou un grande vaso carenado de perto de 50cm de altura con decoración plástica perto do borde, que contiña unha bolsada de terra con claros restos de queimado (Parcero 1997). Aínda que, novamente, a súa interpretación non sexa tan doada, ao aparecer o vaso con evidentes indicios de ter sido destruído *in situ*, logo de ser depositado no interior da fosa.

3. Os enterramentos dos primeiros séculos da dominación romana

Para os tres primeiros séculos da nosa era, o ritual dos enterramentos romanos semella ser sempre o de incineración. En xeral as necrópoles máis antigas coñecidas están relacionadas con asentamentos plenamente urbanos: en Braga hai evidencias xa para o século I d.C. (Martins e mais Delgado 1989/90), e en Lugo para o II (Rodríguez Colmenero 1991). Atópanse separadas do núcleo habitacional, extramuros, ao longo das vías de saída. Os restos da incineración pódense gardar dentro dunha urna cineraria ou ir directamente pousados no solo xunto co axuar, e situados ben dentro dunha fosa escavada ao efecto ou ben en pequenas cistas feitas con tégulas.

Realmente pouco poden axudar na determinación do ritual funerario castrexo estas primeiras tumbas romanas, cando menos ata agora, ao non se teren documentado nelas elementos sincréticos ou, cando menos, alleos ao ritual romano coñecido noutras zonas do Imperio. Ao apareceren en centros urbanos profundamente romanizados cabe pensar que as xentes que se van sepultar alí pouco teñen que ver xa co mundo castrexo. Máis interesante sería se documentásemos sepulturas desta época relacionadas con asentamentos castrexos desa etapa, ou mesmo con aqueles de construción serodia como Viladonga (Lugo). Ou, aínda que nun contexto urbano, a documentación das necrópoles de Tongobriga (Freixo, Marco de Canaveses), lugar onde parece darse unha mutación desde un asentamento castrexo altoimperial a unha cidade de aparencia romana na segunda metade do século I d.C. e nos comezos do II (Dias 1984). Os eventuais enterramentos e/ou necrópoles desta época poderían aportar moita luz sobre o cambio cultural que se parece a estar a producir nese intre;

desgraciadamente, todas as necrópoles descubertas na cidade ata o momento semellan corresponder a tempos moi serodios, xa no século IV (Dias 1993-94).

4. O mundo funerario nas sociedades da Idade do Ferro da Península Ibérica

Non é este artigo o lugar máis axeitado para facer unha revisión completa das prácticas funerarias das sociedades da Idade do Ferro na península Ibérica, pero penso que cómpre facer un pequeno achegamento a esta realidade co fin de encadrar o que sucede no NW dentro do ambiente cultural da época. Vou limitar esta análise á zona máis próxima, o que algúns autores veñen denominando a área “céltica” da península (Almagro-Gorbea e Lorrio 1987) aínda que dun xeito amplo (incluíndo, por exemplo, ao territorio do actual País Vasco), e deixando fóra, daquela, a área da cultura ibérica.

Todos os datos que posuímos sobre enterramentos neste espacio semellan indicar unha serie de coincidencias en canto ás prácticas documentadas (Fillooy 1993; Lorrio 1997; Rodríguez e Enríquez 1992): o uso xeralizado da incineración dos cadáveres e a deposición dos enterramentos, dentro de urnas sepulcrais ou directamente no solo, agrupados en necrópoles fóra dos poboados. Desta norma unicamente semella afastarse un segmento da sociedade, os recén nacidos ou nenos de moi curta idade (menores de 2 anos) que, de cote, son sepultados dentro das vivendas, en fosas practicadas no pavimento localizadas próximas aos muros; o rito, ademais, cambia, ao seren inhumados en posición fetal e frecuentemente sen axuar ningún (Barrio 1991; Fillooy 1993; Lorrio 1997). Os poucos casos que parecían excepcións a estas normas comúns, como as supostas inhumacións de adultos do interior de Numancia, parece claro que son posteriores (Lorrio 1997). En canto á extensión destes tipos de rituais, o límite parece marcado polas actuais provincias españolas de Palencia, Valladolid e Salamanca; tampouco se teñen localizado ningunha na rexión de Cantabria, nin, xa en Portugal, nas Beiras.

Esta situación, evidentemente, non é regular ao longo de toda a Idade do Ferro nas áreas comentadas. De feito, para os primeiros momentos a existencia de necrópoles é posta en dúbida nalgunhas delas (é o caso da Meseta: Fernández-Posse 1998), mentres que noutras semella existir unha coexistencia da incineración coa

inhumación (sur de Portugal: Gomes 1992). Pero a partir da 2ª Idade do Ferro (século V a.C.) a xeralización da incineración está plenamente ratificada. De todos os xeitos, tras desta aparente homoxeneidade agáchase toda unha variabilidade de formas sepulcrais que mesmo parecen convivir dentro dun mesmo ámbito cultural: así, na área celtibérica téñense documentado tumbas sinalizadas con estelas, en ocasións aliñadas en rúas, túmulos e encachados tumulares (Lorrio 1997); variabilidade esta que se parece constatar noutras zonas. En ocasións téñense localizado varias necrópoles para un mesmo poboado (Rodríguez e Enríquez 1992).

Dentro de cada necrópole existe unha ampla variedade de sepulturas, desde o simple foxo no que se recollen as cinsas do morto, con ou sen axuar, ata as estruturas tumulares, que en ocasións acobillan varias tumbas, pasando pola urna cineraria (García e Antona 1992). Contátanse, ademais, casos especiais, como o da necrópole de La Hoya, Laguardia, Áraha (Filloy 1993) na que a necrópole está constituída por construcións cistoides que se adosan unhas ás outras, e dentro das que se recollen as cinsas do morto; a presenza de estelas decoradas con motivos astrais está constatada tanto nesta necrópole como en diversos puntos de Biscaia, aínda que nesta última zona non se ten escavado ningún cemiterio ata o momento (Unzueta 1990-91). Noutros casos, conséntase que a necrópole está constituída por pequenos núcleos separados entre si por espazos baleiros de tumbas (Fernández 1997).

A única zona que presenta enterramentos fóra deste tipo de necrópoles é o territorio abarcado polo actual País Vasco, no que se constata a construción de túmulos (moi abundantes en Áraha) e círculos líticos (maioritarios en Guipúscoa) que acollen cremacións xunto con materiais pouco diagnósticos ou sen axuar ningún (Filloy 1993).

5. Os enterramentos castrexos nas fontes clásicas

Analizando os diferentes textos de escritores clásicos que sobre os pobos do NW nos teñen chegado observamos que os autores clásicos non nos describen o ritual de enterramento destes pobos, pero tampouco nos din que non existisen enterramentos entre eles. Resultaría suxestivo pensar que, se moitos dos textos que nos chegaron, especialmente as descripcións dos xeógrafos, adoitan incluír deformacións, plenamente conscientes, sobre os pobos que describen, aludindo ao salvaxismo de

moitas das súas formas de vida e aos beneficios que poden obter coa conquista romana (Bermejo 1982), neste contexto, o feito de que os autores non mencionen o ritual de enterramento dos pobos do NW podería implicar que este non se debía de afastar moito do que daquela era habitual en Grecia e Roma. Sen embargo, pouco se pode dicir daquilo que non se nos informa sobre os pobos prerromanos, e debemos rexeitar por completo este tipo de achegamento para o noso caso.

Pensemos que os datos que dan as fontes clásicas sobre as estruturas funerarias de pobos conquistados (o lugar onde han descansar definitivamente os restos do individuo) son escasos, non como dos actos rituais que rodean a morte, como o abandono dos cadáveres no campo de batalla polos celtíberos para seren descarnados polos voitres (Sopeña 1987). Nesta liña, se cadra sexa factible aceptar para o NW a práctica da cremación dos cadáveres, extrapolando o relato dos funerais de Viriato a toda a área lusitano-galaica (Silva 1992), cando menos para un segmento determinado da sociedade, o dos xefes ou guerreiros.

6. Os enterramentos no mundo castrexo: datos arqueolóxicos

Son moi poucas as evidencias arqueolóxicas que teñen sido postas en relación co mundo funerario da cultura castrexa do NW peninsular. En xeral, e deixando á parte a interpretación dos balnearios castrexos como fornos de cremación de cadáveres que se fixeron en épocas pasadas, todas elas se inscriben dentro dos poboados. Distínguense dous grandes grupos: **tumbas situadas no interior das vivendas** e recintos sepulcrais exteriores ás vivendas pero contiguos ás mesmas (Silva 1992).

Representando ao primeiro deles están o castro de Terroso (Póvoa de Varzim), no que, nas escavacións realizadas a comezos de século, apareceron baixo tres cabanas circulares senllas estruturas en forma de pozo, con revestimento interior de albanelería, en ocasións divididas en dous pisos, e que ao parecer carecían de obxectos no seu interior (García y Bellido 1966); e o de Pendia (Asturias), no que ao nivel do pavimento dunha vivenda se localizou unha laxe de xisto con burato central por baixo da que se encontraba unha grande pedra granítica con pía, que novamente apareceu sen resto ningún no interior (García y Bellido 1966). Outros exemplos citados

son moito máis dubidosos, como unha estrutura de 75cm de profundidade localizada dentro dunha das vivendas de Coaña (Asturias), consistente nunha sucesión de laxes, cantos rodados, escombros cerámicos e pedras sen labrar, e da que non se nos ofrece imaxe ningunha (García y Bellido 1942). Ao parecer, tamén en Sanfins se atopou unha sepultura de incineración sen mobiliario por baixo do piso dunha casa redonda, pero carecemos de ningún outro dato sobre ela que a non ser a cita do seu achado (Almeida 1972).

En relación cos dous exemplos mellor publicados adoitan poñerse outra serie de elementos localizados en castros da zona. Co de Terroso téñense comparado (López Cuevillas 1980) as dúas estruturas atopadas baixo unha vivenda da cidade de Santiago de Compostela ao final do século XIX e que, ao parecer, si conservaban a urna cineraria (Guerra 1982). Sen embargo, e segundo as interpretacións máis recentes, este achado quedaría non dentro da área habitacional, como no caso portugués, senón fóra do suposto castro sobre o que se asenta a cidade medieval de Santiago, e do que aínda non hai datos arqueolóxicos claros (Acuña 1987); mesmo parecen ser máis probablemente relacionables co asentamento romano que si está documentado nas proximidades da actual catedral (Guerra 1982). O caso de Pendia, pola súa banda, ten sido utilizado para xustificar a interpretación como urnas cinerarias de toda unha serie de pedras cunha ou varias cavidades, abundantes nese castro e nos tamén asturianos de Coaña e La Escrita (García y Bellido 1966).

Por outro lado, nalgúns castros do NW téñense documentado unha serie de **recintos exteriores ás vivendas**, pero inmediatos a elas, que foron interpretados como tumbas. O primeiro deles foi un espacio triangular, parcialmente destruído, adosado ao exterior dunha vivenda de Coaña polo oeste e sen comunicación con ela. Dentro del documentouse unha pequena cámara (“laxas horizontais sostidas por unha vertical”), que contiña no seu interior cinsas e restos dun vaso de cerámica (García y Bellido 1942 e 1966). No xa citado castro de Terroso as escavacións máis recentes descubriron, adosado ao muro dunha vivenda circular pola súa parte máis septentrional, un conxunto formado por unha cista sen cobertura e mais unha pequena cámara aberta de dimensións similares. A primeira destas estruturas contiña un vaso completo e

fragmentos doutro, alén de pequenos carbóns, en tanto que na segunda, aparentemente baleira, as laxes que formaban o seu piso aparecían manchadas pola acción do lume (Silva 1986). Unha posible estrutura similar, carente de axuar, foi localizada adosada polo norte a unha segunda cabana. Na Cidade de Âncora (Caminha) apareceu un espacio similar, situado entre dúas vivendas e no interior dun “núcleo familiar”. Dentro del delimitáronse unha serie de recintos cistoides e espacios abertos, identificándose un total de 11 sepulturas, nalgunha das cales se recolleu cerámica asociada a cinsas e restos de ósos (Silva 1986). Convén salientar a diferenza entre a estrutura de Coaña, situada a carón dunha das rúas do poboado, e as de Terroso e Âncora, que se instalan en espacios *mortos* entre casas, aínda que no segundo caso a carón da muralla.

Aínda se podería citar un terceiro contexto de aparición das tumbas, representado polo castro de Meirás (A Coruña), no que en palabras de García y Bellido (1986) se ten identificado unha auténtica **necrópole urbana**. Neste xacemento localizáronse perto de setenta fosas escavadas na rocha base, de diversa morfoloxía, cunhas medidas que oscilan entre os 30 e 40cm. de diámetro e os 25 e 40 de profundidade, en ocasións unidas entre si por canles igulamente tallados na rocha. Xeralmente cubertas cunha capa de pedras pequenas, e sen estruturas habitacionais superpostas, contiñan un espolio variado pero en xeral pobre, consistente en fragmentos de cerámica, cravos de ferro, e ósos de animais, aínda que tamén as hai que estaban por completo baleiras; en ningún caso se documentaron vasos enteiros que puidesen ser interpretados como urnas cinerarias (Luengo 1950). Non todas contiñan restos de cinsas, e, de feito, unicamente cinco presentaban no seu interior fragmentos de ósos humanos (Carro 1968).

Outros achados soltos e referencias orais de descubrimentos casuais semellan coincidir na aparición de sepulturas de incineración dentro de poboados; ou cando menos así teñen sido interpretadas toda unha serie de estruturas vagamente publicadas (ver Luengo 1950 e mais García y Bellido 1966). Entre elas destacan as noticias de posibles cistas localizadas por veciños no interior de castros que nos transmiten Maciñeira (1934-35) para os casos de Folgosa e Vila dos Cotos, no norte de Galicia, e o Seminario de Estudos Galegos (1927) para o de Morgadán (Carballedo,

Lugo). Igualmente, para os oito vasos lisos fincados na terra, protexidos ao parecer por pedras pequenas e pegados ás murallas dun dos recintos internos da Cidá do Castro de San Millán (Cualedro, Ourense) tense proposto unha interpretación funeraria, aínda que con moitas cautelas, a pesar de que non parecen presentar indicios moi claros a este respecto (Rodríguez e Fariña 1986). Xunto a estes exemplos, convén salientar a achado dun vaso de cerámica no castro de Sta. Adegá (Vilamarín, Ourense) nun contexto que, ao parecer, fai lembrar o dalgunhas necrópoles hallstáticas do SW francés (Calo e mais Sierra 1983). Finalmente, parece ser que no castro de Castromao (Celanova, Ourense) se localizou unha necrópole de incineración (Rodríguez 1991) da que carecemos de maior información.

Un aspecto que teño evitado de xeito consciente en toda esta exposición é o da **cronoloxía** de todas estas estruturas. Todas as mellor documentadas semellan corresponder a momentos serodios da cultura castrexa, en xeral posteriores ao cambio de era e, daquela, pertencentes xa ao momento de dominación romana no NW; ou así se desprende dos materiais aos que se asocian e dos seus contextos de aparición. Para a de Castromao proponse unha cronoloxía entre os séculos I-III d.C. (Rodríguez 1991); o mesmo sucede para San Millán (Rodríguez e Fariña 1986). Boa parte das fosas de Meirás asóciáanse a materiais romanos, como *terra sigillata* ou unha moeda de Augusto (Luengo 1950), igual que sucede nos castros de Coaña e Pencia (García Bellido 1966). As estruturas de Âncora e as das modernas escavacións de Terroso semellan corresponder ao século I d.C. (Silva 1986). Unicamente para o caso das sepulturas en pozo deste último castro se ten proposto unha cronoloxía anterior, pero cómpre lembrar que esta interpretación se realizou a partir das escavacións realizadas case 80 anos despois dos seus descubrimentos (Silva 1986).

7. Discusión: interpretacións sobre o mundo funerario da sociedade castrexa

A idea máis estendida sobre o mundo funerario castrexo, que se desprende dos datos arqueolóxicos antes expostos, semella concluír que esta sociedade non usaba de necrópoles *strictu sensu* para sepultar os seus mortos, en contra do que practicaban outros pobos da Idade do Ferro da península Ibérica; aínda que parece xeralizada a

aceptación da existencia do rito de cremación (López Cuevillas e mais Serpa Pinto 1933-34; García y Bellido 1966; Silva 1992). Para algúns autores a asociación das sepulturas ás áreas de habitación é un testemuño máis da importancia dos lazos de sangue na sociedade castrexa, importancia que calla na construción das sepulturas, primeiro, baixo o piso das casas, e, posteriormente, ao carón destas, dentro do núcleo familiar (Silva 1992).

Pero esta interpretación é posta en tea de xuízo por diversos autores que consideran que a información que posuímos na actualidade é escasa, pouco representativa, e xa de época romana (Ruíz-Gálvez 1990; Peña 1992; Fábregas e Ruíz-Gálvez 1997). Efectivamente, todas elas presentan moitas dificultades de interpretación, ademais de amosar, como xa se indicou máis enriba, unha cronoloxía bastante serodia dentro da cultura castrexa, en época da dominación romana. As tumbas-pozo de Terroso son as únicas para as que se ten proposto unha cronoloxía anterior, a pesar de que o autor que o fixo recoñece que este seu contexto cronolóxico aínda é pouco claro (Silva 1986); esta situación vese acentuada polo feito de apareceren carentes de axuar. Pero ademais tampouco está claro que presentasen cinsas no seu interior (ou cando menos ningún autor cita a súa existencia), co cal a súa interpretación como enterramentos resulta aínda máis cuestionable.

Outras estruturas presentan unha problemática similar, xa que ningún dato, se obvios a súa propia excepcionalidade, fan pensar nelas como tumbas. Isto é o que sucede coa suposta tumba de Pendia, na que a hipotética urna cineraria aparecía completamente baleira e sen ningún tipo de evidencia que xustificase unha interpretación sepulcral. Cómpre lembrar, ademais, que non resulta doado achacar isto a problemas de conservación, especialmente se temos en conta que a vivenda que a contiña estaba singularmente ben preservada, sendo a primeira de todos os castros de Navia escavados por García y Bellido na que este localizou o fogar (García y Bellido 1942B). O resto de pedras con cavidades que este autor interpretaba do mesmo xeito vese, segundo isto, posto moi en dúbida. Algo similar pódese concluír dos vasos cerámicos localizados a carón da muralla da Cidá do Castro de San Millán, para os que a interpretación funeraria vén dada unicamente pola súa conservación case íntegra e o

seu insólito contexto, fóra de estruturas habitacionais entre as murallas dun dos recintos (Rodríguez e Fariña 1986), sen que aparentemente o contido dos mesmos a xustifique para nada.

Máis difícil resulta contestar á interpretación que Silva (1986) ten feito das estruturas por el localizadas en Terroso e Âncora. Aducir a súa cronoloxía romana para obviar a súa análise nun estudio sobre o mundo castrexo (Peña 1993) é se cadra demasiado simplista. Como temos indicado máis enriba, as sepulturas da primeira época da dominación romana atopadas fóra de contextos castrexos responden a necrópoles de incineración exteriores aos núcleos de poboación, que pouco teñen que ver con estas que se están a analizar. Daquela, a aparición de estruturas cistoides a carón das vivendas nestes dous castros portugueses non se pode xustificar unicamente como un produto máis da inmersión do mundo castrexo na órbita romana, e debe responder, cando menos parcialmente, a unha transformación interna.

Poñer en dúbida a súa atribución funeraria resulta tamén complicado, especialmente naquelas que presentan unha estrutura claramente cistoide como unha das de Terroso, pero si en ocasións a existencia de incineracións no seu interior, xa que, por exemplo nesta última, non apareceron restos de cinsas, senón unicamente pequenos carbóns (Silva 1986). Se cadra sexa factible interpretala como unha posible inhumación infantil (neo-nato), tan frecuentes en contextos habitacionais da Idade do Ferro da península Ibérica, e dificilmente documentables no NW por mor da descomposición dos ósos a causa da alta acidez do solo. O recinto similar sen espolio atopado adosado a outra vivenda podería responder a unha mesma interpretación, sendo relativamente frecuente a inexistencia de axuar nas tumbas de neo-natos doutras zonas da península. A súa situación ao exterior da vivenda suporía así unha particularidade con respecto a outras zonas ibéricas, onde se adoitan situar no interior, baixo os pavimentos, pero que fai lembrar a situación na que eran enterrados en Galicia os nenos mortos sen bautismo ata datas relativamente recentes (citado en López Cuevillas 1980). De todos os xeitos, a situación do vaso enteiro que se localizou no interior da primeira destas cistas pode axudar a rexeitar esta interpretación, xa que, segundo as fotografías publicadas (vid. Silva 1992: fig. 31), ocupaba unha posición case central na estrutura, que dificultaría a

introducción do cadáver no interior. Para a estrutura aberta que acompañaba a esta cista, con evidencias da acción do lume sobre as laxes que conforman o seu piso, nada xustifica a súa interpretación como tumba excepto a súa situación a carón da outra.

En Âncora, pola súa banda, a presenza de cinsas e restos óseos parece confirmar a súa atribución funeraria, aínda que resulte problemática a interpretación de todas elas como tumbas, ao tempo que pode resultar algo chocante a presenza de “innúmeros” fragmentos de cerámica no interior das mesmas (Silva 1986). A presenza de sepulturas, ou cando menos de restos humanos, en Meirás resulta tamén innegable (Luengo 1950, Carro 1968), aínda que o conxunto de estruturas publicado resulta tremendamente complicado de interpretar. De feito, varias das fosas que se teñen publicado non presentan evidencia ningunha que xustifique a súa interpretación como tumbas, exceptuando a súa situación a carón das outras (vid. por exemplo a tumba XXVI, na que a fosa é ocupada case por completo pola metade dun movente de muíño circular). Unha reescavación do xacemento e un estudio en profundidade dos materiais recollidos naquela intervención axudaría a contextualizar mellor a funcionalidade destas estruturas.

Realmente, e á vista dos datos expostos, parece claro que non se teñen localizado tumbas prerromanas en toda a área castrexa, inexistencia que ten levado a varios autores a suxerir interpretacións diversas. Así, Ruíz-Gálvez (1995) ten proposto a existencia de rituais funerarios relacionados coas masas e cursos de auga, o que explicaría a aparición de armas nestes contextos, ao igual que sucede, ao parecer, noutras zonas da Europa atlántica. García Quintela (1997), pola súa banda, plantexa a posibilidade da práctica da exposición de cadáveres para seren descarnados polas alimañas, algo que semella atestiguado para as élites guerreiras noutras zonas como a Celtiberia. Outros, sen embargo, non intentan interpretar esta situación, ratificando sen máis a aparente inexistencia de enterramentos en todo o desenvolvemento da Cultura Castrexa, agás xa baixo a dominación romana, cando os indíxenas se atopan encadrados nunha estrutura social distinta (Fernández-Posse 1998); ou, simplemente, obvian o tema (Martins e mais Jorge 1992).

8. Concluindo. Algunhas reflexións e unha hipótese de traballo

Logo de toda esta revisión, podemos concluír que o problema que se plantexaba ao principio do texto segue a estar sen resolver, xa que seguimos sen saber onde e como enterraban aos seus mortos durante a Idade do Ferro no NW da península Ibérica. Se, ao que parece, durante o comezo da dominación romana aparecen sepulturas no interior dos castros, en pequenos recintos adosados ás vivendas, ¿como se chega a esta situación, xa que non é achacable unicamente á conquista? ¿Sepultarían xa os castrexos con anterioridade neses mesmos contextos, pero de tal xeito que non nos ficaron restos desas prácticas? ¿Por que é tan limitado o número dese tipo de tumbas serodias, xa non só en canto á cantidade de xacementos en que se documentan, demasiado escasos con respecto ao total dos escavados, senón mesmo no interior dun mesmo xacemento? ¿Onde temos que buscar os mortos castrexos?

Desde o meu punto de vista é a última pregunta a que cómpre de ser respondida coa maior brevidade posible. Penso que os arqueólogos non debemos conformarnos con buscar explicacións a unha situación que nos vén dada, deixando de depender dos achádegos casuais para o estudo do pasaso; neste sentido, a frase recollida en moitas publicacións aludindo a que as tumbas castrexas non teñen “*aparecido*” é sintomática dunha situación. Ata non hai moitos anos non existía en Galicia paleolítico, poboados coetáneos dos túmulos, ou mesmo necrópoles e asentamentos da Idade do Bronce; non tiñan aparecido, e foi necesario o desenvolvemento de novas estratexias de investigación para atopalos. Do mesmo xeito, se cadra sexa necesario o establecemento dunha serie de hipóteses sobre a localización dos enterramentos castrexos co fin de proceder á súa busca metódica. Evidentemente, con isto non pretendo aseverar que estes teñan que existir de xeito innegable, senón que simplemente antes de proceder a aceptar a súa non existencia é necesario que previamente teñamos feito o esforzo de buscalos, esforzo que ata hoxe, debemos recoñecelo, non se ten feito. Para concluír esta comunicación gustaríame facer unhas pequenas reflexións neste sentido, propondo unha serie de contextos nos que se cadra sexa factible buscar os enterramentos castrexos.

En primeiro lugar, cómpre mencionar unha serie de achádegos aillados de ***materiais castrexos en túmulos*** de Galicia escasamente valorados nos estudos sobre

a Idade do Ferro local. Aínda que isto non é un fenómeno xeralizado existen varios casos en que a escavación dunha mámoa ten posto ao descuberto materiais de época castrexa, como 7 dos investigados na necrópole do Monte da Morá (López Cuevillas et. al 1930); de todos eles destaca a mámoa 3, nos que se recolleron, entre outros, dous fragmentos decorados, un dun borde con círculos estampados e outro cun cordón, ambos de innegable atribución castrexa (vid. nesa publicación a lámina 7). Mesmo en ocasións existen noticias da aparición de xoias, especialmente torques, nalgúns destes monumentos, noticias que superan as simples referencias orais nos casos en que algún investigador chegou a observar as pezas arqueolóxicas directamente (Luengo 1952).

Obviamente, a aparición de materiais castrexos neste tipo de monumentos pode responder a múltiples razóns que pouco teñen que ver co funerario, como o simple acobillo de obxectos ou a frecuentación en busca de refuxio dalgúns deles, especialmente aqueles con cámaras megalíticas, por pegureiros e viandantes, tal e como interpretaba estas reutilizacións López Cuevillas (1980). Así e todo, cómpre non esquecer que estes monumentos teñen sido un foco de atracción como sepultura para moitas culturas, chegando a documentarse en ocasións mesmo algún enterramento medieval. De feito, en Galicia temos o caso do sepulcro atopado ao pé do túmulo coñecido como O Modorro en San Pedro do Incio, Lugo (Acuña e mais García 1968), que semella documentar este tipo de prácticas en época baixorromana, se cadra como consecuencia dunha tradición que se pode remontar a momentos anteriores, mesmo ao mundo castrexo, tal e como se expuxo anteriormente.

Un segundo lugar no que deberíamos plantexarnos a busca de enterramentos é **dentro dos castros**. Como comentei anteriormente, é este o único contexto no que temos documentadas noticias sobre a posible aparición de elementos sepulcrais adscribibles á cultura castrexa. Mesmo que dubidemos destes, tanto pola súa cronoloxía serodia como pola súa escasez en comparación co número de castros escavados, cómpre sempre termos presente esta posibilidade. A aparición de sepulturas no interior dos poboados é algo plenamente estendido no resto das culturas da Idade do Ferro da península Ibérica, aínda que reducido unicamente á presenza de inhumacións infantís (fundamentalmente neo-natos). É esta unha práctica que semella darse tamén

en boa parte das poboacións indoeuropeas de Centroeuropa, e noutras da área mediterránea, en todo o I milenio a.C. (Fillooy 1993), e que se cadra puido ter existido tamén no NW, aínda que aquí sexa máis dificilmente documentable pola mala conservación dos ósos. De feito, esta realidade está a se “achegar” cada vez máis ao noso territorio, como pon de manifesto a aparición dunha sepultura deste tipo baixo o piso dunha vivenda da primeira Idade do Ferro no xacemento de La Corona/El Pesadero en Manganeses de la Polvorosa, Zamora (Misiego et al. 1998). Que dito enterramento se atope dentro dun poboado tipo Soto non debe ser un obstáculo para aceptar a hipótese, especialmente se temos en conta que en datas recentes foi localizado e parcialmente escavado un poboado deste tipo en Galicia, perto de Verín, (A. Concheiro, comunicación persoal).

Finalmente, está o problema da **existencia de necrópoles**. Como xa expuxen noutro apartado, as sociedades protohistóricas coetáneas das castrexas sepultaban os restos dos seus defuntos, unha vez incinerados, en necrópoles exteriores ao poboado. A localización delas, en todo caso, non é tarefa doada, como poñen de manifesto tanto o caso de Numancia (Jimeno e Morales 1994), cidade na que, pese aos esforzos realizados ao longo deste século, non foi posible atopala ata 1993, e para iso gracias á acción duns furtivos; ou o caso da área vaccea, na que non se coñecían sepulturas ata os anos 50, e mesmo a día de hoxe unicamente se teñen descuberto 4 en toda a zona (Delibes et al. 1995).

No NW non teñen aparecido necrópoles semellantes, probablemente porque nunca se construíron, pero existe a posibilidade de que poidamos definir para a súa ausencia unha explicación xeo-arqueolóxica, por usar o termo definido por Burillo (1992) no seu estudo sobre as necrópoles ibéricas do val medio do Ebro. Seguindo o discurso establecido por este autor, a ausencia de necrópoles poderíase achacar ben a que teñan desaparecido, ben a que non as saibamos identificar; os procesos erosivos poden tanto ter arrasado a necrópole por completo, de se situar en ladeira, ou tela sepultado baixo unha capa de sedimentos, de se localizar en fondo de val. Pero para que isto teña sucedido, especialmente no primeiro caso, cómpre tamén que as hipotéticas necrópoles sexan, de seu, *pouco destacadas*. É dicir, que, por un lado, as

estructuras funerarias sexan pouco relevantes, pola inexistencia de construcións internas (cistas...) ou externas (encachados tumulares, estelas...), que sinalen ou acobillen o enterramento, limitándose á deposición das cinsas en urnas cerámicas ou directamente en foxos escavados ao efecto; e, por outro lado, que os axuares sexan inexistentes ou pouco trascendentes, cunha escasa deposición de elementos rechamantes (armas, xoias,...).

Indiscutiblemente, que nos estudos de investigación territorial desenvolvidos en datas recentes no NW, coa realización de prospeccións intensivas (Criado 1991), non se teñan localizado nunca evidencias de necrópoles castrexas supón un argumento irrefutable a favor da non existencia das mesmas. Pero cómpre salientar que este tipo de traballos enfócase máis ben a localizar aquilo que a paisaxe actual deixa ver, non a descubrir un determinado tipo de xacementos, téndose centrado, fundamentalmente, na localización de asentamentos (epi)paleolíticos e do IV, III e II milenio a.C. (compróbase, por exemplo, o número de cistas da Idade do Bronce localizadas con estes estudos).

Se analizamos o tipo de emprazamento que se adoita dar nas necrópoles das culturas veciñas á castrexa, podemos observar que existen unha serie de pautas comúns a todas as zonas, cando menos para a 2ª Idade do Ferro, momento en que se poden documentar enterramentos en todas elas (vid. Barrio 1991; Blasco e Barrio 1992; Cerdeño e García 1990; García-Soto 1990; Lorrio 1997; Rodríguez e Enríquez 1992). En xeral, parece que a figura topográfica na que se ubica a necrópole non é importante, localizándose tanto en zonas chairas elevadas como en ladeiras suaves ou mesmo veigas; pero non se evitan ladeiras escarpadas (a de Numancia presenta un desnivel do 20%: Jimeno e Morales 1994). Pero o factor realmente importante semella ser a súa localización en lugares de fácil acceso próximos ao poboado, desde uns poucos metros, ata 1km, sendo infrecuentes, e xeralmente asociadas a baleiros na investigación (Llanos 1990), distancias maiores. O lugar, ademais, adoita ser visible desde o poboado, ben dominándoo por completo desde calquera punto do mesmo, ben unicamente desde unha zona moi determinada (Numancia: Jimeno 1996). Ademais, outros dous factores adoitan coincidir: a súa asociación cun dos camiños de acceso ao asentamento, ou mesmo a

unha das súas portas, e mais a proximidade, en ocasións contigüidade, a cursos de auga de maior ou menor importancia. Finalmente, tense proposto como posible a ubicación en zonas onde os ventos dominantes afastasen do poboado os cheiros e fumes das cremacións (Jimeno 1996).

Dado que estas condicións de emprazamento semellan bastante estendidas polas zonas próximas (a bibliografía exposta abarca a Celtiberia, Carpetania, áreas arévaca, vaccea e vettona, e a actual estremadura española), penso que poden ser tomadas como unha hipótese de traballo para a cultura castrexa, a través da cal tentar ben localizar esas necrópoles invisibles, ben demostrar, logo dun traballo de campo, que esa aclamada ausencia das mesmas ten unha base de realidade. Para isto, sería necesario a escolla dun (ou varios) castro(s) con ocupación constatada durante a 2ª Idade do Ferro, nunha zona axeitada, non moi afectada polos labores de repoboación forestal tan comúns na nosa zona, que poden ter alterado en grande medida unha hipotética necrópole pouco relevante en canto a estruturas. Previo ao traballo de campo precisaríase realizar unha análise do territorio no que se enclava dito castro, en función dos seguintes factores:

1. Delimitación das áreas visibles desde o pobado, dominados desde todo o seu perímetro ou desde puntos determinados.
2. Definición das portas do asentamento e dos posibles camiños de acceso ao mesmo.
3. Acotación dos cursos de auga (importantes ou non) próximos ao lugar.
4. Estudio dos ventos dominantes na zona.

A combinación de todos estes factores (outorgando ao cuarto unha importancia secundaria, pola súa escasa mención na bibliografía) determinará as zonas nas que podería ser factible a localización dunha necrópole. A comprobación destes datos realizaríase a través dunha prospección superficial intensiva orientada ao efecto, axudados, a ser posible, de equipos de prospección xeofísica. Paralelamente, a comprobación de lugares onde se constatou a aparición de material castrexo en superficie fóra de contextos habitacionais (hai dous citados en López Cuevillas 1980, un en Ortigueira, onde se localizou unha espada de antenas perto dun castro, e outro en Pontecesures, onde unha punta de lanza de bronce apareceu xunto con materiais

castrexos e romanos) pode axudar a contrastar aínda máis a hipótese exposta.

Todo este labor permitirá ben localizar esas necrópoles que aínda hoxe non somos quen de identificar, ben refutar por completo a súa existencia no NW da península Ibérica durante a Idade do Ferro. Evidentemente, a verificación dunha hipótese deste tipo pode supor unha importante inversión de tempo e, sobre todo, diñeiro, para que a conclusión sexa, probablemente, que non é posible localizar ninguha necrópole (algo que, por outra parte, mesmo adoita ocorrer en zonas onde parece factible atopalas: Burillo 1992). Pero mentres non se leve a cabo unha busca intensiva deste tipo, baseada nas premisas expostas anteriormente, ou noutras que se poidan chegar a establecer, penso que resulta un pouco aventurado afirmar que non existen necrópoles castrexas. Ou cando menos deberíamos aceptar que non existen porque non as temos buscado.

Agradecementos

A M^a José Bóveda, Ramón Fábregas e Pepa Rey, polo seu ánimo constante. A Raquel Casal, pola súa paciencia comigo. E a Marco García Quintela, por atender a unha breve (aínda que intensa) conversa/interrogatorio a que o sometín nas xélicas alturas da biblioteca.

Bibliografía

Acuña, F. (dir.) 1987. *Catalogación de yacimientos prerromanos del Ayuntamiento de*

- Santiago*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- ; García, M. C. 1968. “O Modorro” de San Pedro (Incio, Lugo). *Cuadernos de Estudios Gallegos* 23, pp. 270-276.
- Almagro-Gorbea, M.; Lorrio, A. 1987. La expansión céltica en la Península Ibérica: una aproximación cartográfica. *I Simposium sobre los Celtíberos (Daroca, 1986)*. Zaragoza: Institución Fernando el Católico, pp. 105-122.
- Almeida, C. A. F. 1972. A Póvoa de Varzim e o seu aro na antiguidade. *Boletim Cultural de Póvoa de Varzim* XI (1), pp. 5-34.
- Alonso del Real, C. 1991. *La prehistoria*. Pontevedra: Deputación Provincial.
- Barrio, J. 1991. *La II Edad del Hierro en Segovia*. Madrid: Universidad Autónoma. (Ed. en microficha).
- Blasco, M^a. C.; Barrio, J. 1992. Las necrópolis de la Carpetania. En Blázquez, J.; Antona, V. (coords.) *Congreso de Arqueología Ibérica: Las Necrópolis. (Madrid, 1991)*. Madrid: Universidad Autónoma, pp. 279-312.
- Belén, M.; Escacena, J. L.; Bozzino, M^a. L. 1991. El mundo funerario del bronce final en la fachada atlántica de la península Ibérica. I. Análisis de la documentación. *Trabajos de Prehistoria* 48, pp. 225-256.
- Bermejo, J. C. 1982. *Mitología y mitos de la Hispania prerromana*. Madrid: Akal.
- Bettencourt, A.M.S. 1996. Expressões funerárias da Idade do Bronze no Noroeste peninsular. En Balbín, R.; Bueno, P. (eds.) *IIº Congreso de Arqueología Peninsular (Zamora, 1996). II. Neolítico, Calcolítico y Bronce*, pp. 621-631.
- ; Sanches, M^a de J. 1998. Algumas questões sobre a Idade do Bronze do Norte de Portugal. En Fábregas, R. (ed.) *A Idade do Bronze en Galicia: novas perspectivas*, Sada: O Castro, pp.13-45.
- Burillo, F. 1992. Las necrópolis de época Ibérica y el ritual de la muerte en el valle medio de Ebro. En Blázquez, J.; Antona, V. (coords.) *Congreso de Arqueología Ibérica: Las Necrópolis. (Madrid, 1991)*. Madrid: Universidad Autónoma, pp. 563-585.
- Calo, F. 1993. *A Cultura Castrexa*. Vigo: A Nosa Terra.
- ; Sierra, X.C. 1983. As orixenes do castrexo no Bronce Final. En Pereira, G. (ed.) *Estudos de Cultura Castrexa e de Historia Antiga de Galicia*, Santiago de

- Compostela: Universidade, pp. 19-86.
- Carro, J. 1968. Esqueleto prehistórico del Castro de Meirás. *Cuadernos de Estudios Gallegos* XXIII, pp. 115-119.
- Cerdeño, M^a C.; García, R. Las necrópolis de incineración del alto Jalón y el alto Tajo. En Burillo, F. (coord.) *Necrópolis celtibéricas. II simposio sobre los celtíberos*, Zaragoza: Institución Fernando le Católico, pp. 75-92.
- Criado, F. (dir.) 1991. *Arqueología del paisaje. El área Bocelo-Furelos entre los tiempos paleolíticos y medievales*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- Cruz, D. J. da. 1997. A necrópole do Bronze Final do "Paranho" (Molelos, Tondela, Viseu). *Estudos Pré-Históricos* V, pp. 85-109.
- Delibes, G.; Romero, F.; Sanz, C.; Escudero, Z.; San Miguel, L. C. 1995. Panorama arqueológico de la Edad del Hierro en el Duero Medio. En Delibes, G.; Romero, F.; Morales, A. (eds.) *Arqueología y medio ambiente. El primer milenio A. C. en el Duero Medio*, Valladolid: Junta de Castilla y León.
- Dias, L.A.T. 1984. Estação romana de Freixo - Marco de Canaveses. *Arqueologia* 9, pp. 86-90.
- ; 1993-94. Necrópoles no territorium de Tongobriga. *Conimbriga* XXXII-XXXIII, pp. 107-136.
- Fábregas, R.; Ruíz-Gálvez, M. 1997. El Noroeste de la Península Ibérica en el III^{er} y II^o Milenios: Propuestas para una síntesis. *Saguntum* 30, pp. 191-216.
- ; Vilaseco, X. I. 1998. Prácticas funeraria no Bronce do Noroeste. En R. Fábregas (ed.) *A Idade do Bronce en Galicia: novas perspectivas*. Sada: O Castro, pp. 191-219.
- Fernández, F. 1997. *La necrópolis de la Edad del Hierro de "El Raso" (Candeleda, Ávila)*. Zamora: Junta de Castilla y León.
- Fernández-Posse, M^a D. 1998. *La investigación protohistórica en la Meseta y Galicia*. Madrid: Síntesis.
- Filloo, I. 1993. El fenómeno funerario durante la Edad del Hierro en el País Vasco. En 1^o *Congresso de Arqueologia Peninsular (Porto, 1993)*. *Actas II. Trabalhos de Antropologia e Etnologia* 33 (3-4), pp. 377-392.
- García, M^a R.; Antona, V. 1992 *La necrópolis celtibérica de La Yunta (Guadalajara)*.

- Guadalajara: Junta de Comunidades de Castilla-La Mancha.
- García, M. V. 1997. Las puertas del infierno y el río del olvido. (Un tema mítico céltico en la etnografía ibérica de Estrabón). *Gallaecia* 16, pp. 145-157.
- García y Bellido, A. 1942. El Castro de Coaña (Asturias). Nuevas aportaciones. *Archivo Español de Arqueología* 15, pp. 288-307.
- ; 1942B. El Castro de Pencia. *Archivo Español de Arqueología* 15, pp. 216-244.
- ; 1966. O problema dos enterramentos na cultura castreja. *Revista de Guimarães* LXXVI (1-2), pp. 5-24.
- García-Soto, E. 1990. Las necrópolis de la Edad del Hierro en el Alto Valle del Ebro. En Burillo, F. (coord.) *Necrópolis celtibéricas. II simposio sobre los celtíberos*, Zaragoza: Institución Fernando le Católico, pp. 13-38.
- Gomes, M. V. 1992. Proto-história do Sul de Portugal. En Silva, A. C. F.; Gomes, M. V. *Proto-história de Portugal*, Lisboa: Universidade Aberta, pp. 99-185.
- Guerra, J. 1982. *Eploraciones arqueológicas en torno al sepulcro del Apóstol Santiago*, Santiago: Cabido.
- Jimeno, A. 1996. Numancia: relación necrópolis-poblado. *Archivo Español de Arqueología* 69, pp. 57-76.
- ; Morales, F. 1994. La localización de la necrópolis celtibérica de Numancia. En 1º *Congresso de Arqueologia Peninsular (Porto, 1993)*. *Actas III. Trabalhos de Antropologia e Etnologia* 34 (1-2), pp. 249-265.
- Jorge, S.O. 1996. Regional diversity in the Iberian Bronze Age - on the visibility and opacity of the archaeological record. *Trabalhos de Antropologia e Etnologia* 36, pp. 193-214.
- López Cuevillas, F. 1980. Prehistoria. En Otero, R. (dir.) *Historia de Galicia. Vol III*. Madrid: Akal. (Orixinal redactado en 1953).
- ; Fraguas, A.; Lorenzana, M^a P. 1930. Mámoas do Saviñao. *Arquivos do Seminario de Estudos Galegos* V, pp. 63-91.
- ; Serpa, R. de 1933-34. Estudos sobre a Edade do Ferro do NW da península. A Relixión. *Arquivos do Seminario de Estudos Galegos* VI, pp. 295-367.
- Lorrio, A. J. 1997. *Los Celtíberos*. Alicante: Universidad de Alicante/Universidad

- Complutense de Madrid.
- Luengo, J. M^a 1950. *Excavaciones arqueológicas en el Castro y su necrópolis de Meirás (La Coruña)*. Madrid: Comisaría General de Excavaciones Arqueológicas.
- ; 1952. Exploraciones de “mámoas” en Aranga y Cambás (La Coruña). *Cuadernos de Estudios Gallegos* 7, pp. 187-195.
- Llanos, A. 1990. Necrópolis del Alto Ebro. En Burillo, F. (coord.) *Necrópolis celtibéricas. II simposio sobre los celtíberos*, Zaragoza: Institución Fernando le Católico, pp. 137-147.
- Maciñeira, F. 1934-35. Los castros prehistóricos del norte de Galicia. *Anuario del Cuerpo Facultativo de Archiveros, Bibliotecarios y Arqueólogos*, pp. 129-147.
- Martins, M.; Delgado, M. 1989/90. As necrópoles de Bracara Augusta. Os dados arqueológicos. *Cadernos de Arqueologia* 6-7, pp. 41-186.
- ; Jorge, S. O. 1992. Substrato cultural das etnias pré-romanas do Norte de Portugal. En Almagro-Gorbea, M. e mais Ruiz, G. *Paleoetnología de la Península Ibérica. Complutum* 2-3, pp. 347-372.
- Misiego, J. C.; Martín, M. A.; Sanz, F. J.; Marcos, G. J.; Larrén, H. 1998. Arqueología en territorio Astur: La Corona/El Pesadero (Zamora). *Revista de Arqueología* 208, pp. 24-35.
- Parcero, C. 1997. *Documentación de un entorno castreño: trabajos arqueológicos en el área de Cameixa*. Santiago de Compostela: Grupo de Investigación en Arqueología del Paisaje.
- Peña, A. de la 1992. El primer milenio a. C. en el área gallega: génesis y desarrollo del mundo castreño a la luz de la arqueología. En Almagro-Gorbea, M. e mais Ruiz, G. *Paleoetnología de la Península Ibérica. Complutum* 2-3, pp. 371-394.
- Rodríguez, A. 1991. Galicia romana (III). Los resultados del cambio. En R. Villares (dir.) *Historia de Galicia*, Vigo: Faro de Vigo, tomo I, pp. 141-160.
- Rodríguez, A.; Enríquez, J. J. 1992. Necrópolis protohistóricas en Extremadura. En Blázquez, J.; Antona, V. (coords.) *Congreso de Arqueología Ibérica: Las Necrópolis (Madrid, 1991)*. Madrid: Universidad Autónoma, pp. 531-562.
- Rodríguez, X.; Fariña, F. 1986. A Cidá do Castro de San Millán. Memoria de las

- excavaciones arqueológicas. *Boletín Auriense* XVI, pp. 39-89.
- Ruíz-Gálvez, M. 1990. Canciones del muchacho viajero. *Veleia* 7, pp. 79-103.
- ; 1995. El noroeste de la península Ibérica en el contexto de la prehistoria reciente de Europa occidental. *Actas del XXII Congreso Nacional de Arqueología. (Vigo, 1993)*, Vigo, volume I, pp. 11-16.
- Seminario de Estudos Galegos 1927. Catálogo dos castros galegos (proseguimento). Seizón primeira: Val de Vilamarín. *Nós* 47, pp. 10-13.
- Silva, A. C. F. da 1986. *A Cultura Castreja do noroeste de Portugal*. Paços de Ferreira: Museu Arqueológico da Citânia de Sanfins.
- ; 1992. Proto-história do Norte e Centro de Portugal. En Silva, A. C. F.; Gomes, M. V. *Proto-história de Portugal*, Lisboa: Universidade Aberta, pp. 31-97.
- ; 1993. A Idade do Bronze em Portugal. En Silva, A. C. F.; Raposo, L.; Silva C. T. *Pré-história de Portugal*, Lisboa: Universidade Aberta, pp. 235-293.
- Sopeña, G. 1987. *Dioses, ética y ritos: aproximaciones para una comprensión de la religiosidad entre los celtíberos*. Zaragoza: Universidad.
- Unzueta, M. 1990-91. Bizkaia prerromana: últimas investigaciones e interpretación arqueológica. *Kobie (serie paleoantropología)* XIX, pp. 53-73.